

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**



O GROVE • Nº 38- 3º TRIMESTRE 2015

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**Acordo de patrocinio
con Vitaldent**

**Actividades con
A.D.M. e con outras
entidades**

**Festa fin de
actividades de verán**

**Resultados
Nacionais,
Internacionais
e Galegos**

**@s nos@s
deportistas
nos medios**





LIMPEZA DO TERREO

Un ano máis procedemos, a través dunha empresa, a realizar a limpeza do terreo que a nosa entidade ten no Monte da Vila. Mentras agardamos que unhas novas directrices urbanísticas, que algún día chegaran a este pobo, nos dea cancha para poder

buscar unha solución para este terreo.

En canto ás alegacións presentadas ante o Concello pola situación na que quedaba este terreo ante o último PXOM presentado, seguimos agardando unha resposta.

ACORDO CON VITALDENT

Querémoste informar, que tal e como é a función natural da Xunta Directiva, continuamos buscando axudas e patrocinios que nos axuden a manter as actividades da nosa entidade e, a propia entidade.

Froito desa búsqueda chegamos a un acordo con VITALDENT; acordo que pode ser beneficioso tanto para os intereses da nosa

entidade, como ao mesmo tempo ser beneficiosa para os nos@s: soci@s, deportistas e familiares. Os soci@s de Breogán, os seus familiares e os nos@s deportistas, que acudan á CLÍNICA VITALDENT DE SANXENXO, terán un desconto dun 5% en todos os servizos e tratamentos que necesite. Ao remate do ano, o CMDC Breogán, recibirá de VITALDENT o

3% dos tratamentos aos que foran sometidos os nos@s soci@s, familiares e deportistas.

Coidamos que pode ser unha boa noticia para todos os estamentos da nosa entidade e, quen o precise, si acude á CLINICA VITALDENT DE SANXENXO, terá un bo desconto e ao remate do ano servirá para que a nosa entidade reciba uns interesantes ingresos.

VITALDENT

XADREZ

Coa chegada do mes de setembro e o inicio do curso escolar, tamén se retoma a actividade da sección de xadrez; que coas súas clases da Escola de Xadrez inicia unha nova temporada de cara a sacar nov@s xadrecistas e a preparar as ligas que se iniciarán no mes de xaneiro.

As clases da Escola de Xadrez impártense na aula do Pavillón de Deportes Náuticos na tarde dos venres, a partir das 17,30 h.; clases impartidas por Heladio Outeiro, que tamén conta coa colaboración de José Manuel Álvarez.

Asimesmo, o grupo dos máis pequenos, tamén iniciarán a súa actividade baixo a dirección de Tobo Barral. A Liga Galega de Xadrez iníciase no mes de xaneiro e dende Breogán agardamos poder tres equipos en competición, ao igual que nos últimos anos, e que estes equipo poidan manter as súas categorías ao remate da temporada.



ACTIVIDADES COA A.D.M.

Campamento Deportivo de Verán

Xunto con outros clubs da ADM (Asociación do Deporte Meco) colaboramos coa Concellaría de Deportes en levar adiante unha nova edición do Campamento Deportivo de Verán, do que este ano foi a cuarta edición.

A participación nesta ocasión foi superior a anos anteriores, incluso hai visitantes de outros lugares que xa coñecen este campamento e inscriben os seus fill@s no mesmo para que realicen actividades durante o tempo que veñen de vacacións, demostrando a súa utilidade tanto para os nosos veciñ@s, como para os turistas que se acercan ó Grove durante o verán.



Colaboración con outros campamentos

Asimesmo, tamén colaboramos con outros campamentos de verán no que están involucrados outros clubs mecos. Por iso recibimos a visita e practica-

ron o noso deportes os asistentes ao “Campus de Balonmán Juan de Dios Román” e tamén os do “Verán de Basket en Inglés co CB O Meco”.



FESTA FIN DE ACTIVIDADES DE VERÁN

Ante a proximidade do inicio do curso escolar e a pronta marcha aos seus lugares de residencia de moitos rapaces que están con nós durante o verán, tivemos unha festa de remate das actividades aproveitando a data da última fin de fin de semana de agosto.

Á festa, adicada especialmente aos deportistas das categorías de base, asistiron un importante número de padexeir@s e pais que non se quixeron perder as evolucións dos rapaces nas distintas actividades.

Realizáronse a búsqueda do tesouro, carreiras por relevos nas que se combinaba o correr, nadar e remar por equipos e onde non faltaron as risas e os piques por ver quen eran os vencedores.

Nunha tarde para gozar do noso deporte e as nosas actividades en familia, non podía faltar como colofón unha churrascada a cargo do noso chef Ramón, da que deron boa conta todos @s asistentes.

Agardamos que este boa costume se volva a repetir o vindeiro ano como colofón das actividades veraniegas e que a asistencia sexa aínda maior da que tivemos nesta ocasión.



HABITAT

Decoración



RESULTADOS INTERNACIONAIS

Ata cinco participacións internacionais tiveron os nos@s pedexeiros durante este terceiro trimestre de 2015. Tono Campos estivo presente no Campionato de Europa de Maratón (Bohing-Eslovenia); Rut Otero participou no I Campionato do Mundo “Master” (Veteranos) de Velocidade (Montemor o Velho-Portugal); Natalia Garcia participou no Campionato do Mundo de Pista Sub 23 e Xuvenil (Montemor o Velho-Portugal); Tono Campos e Diego Romero fixeron o propio no Campionato do Mundo de Pista (Milán-Italia) e, de novo, Tono Campos participou no Campionato do Mundo de Maratón (Gyor-Hungria).

Campionato de Europa de Maratón. Bohing (Eslovenia- 02/05 de xullo)

Tono Campos e José Manuel Sánchez, 5º C-2 home senior.

I Campionato do Mundo Master de Velocidade (Montemor o Velho-Portugal – 17/19 de xullo)

Rut Otero Triñanes participou neste mundial de pista



Deputación Pontevedra



para veteranos que se disputou por primeira vez, obtendo uns resultados espectaculares, con un total de 7 medallas.

- Dous Campionatos do Mundo.
- Catro Subcampionatos do Mundo.
- Unha Medalla de Bronce.

Campionato do Mundo de Pista Sub 23 e Xuvenil (Montemor o Velho-Portugal -24/26 de xullo)

Natalia García, 8ª posición no K-4 muller sub 23 nos 500 m.



Campionato do Mundo de Pista (Milán-Italia- 19/23 de agosto)

Tono Campos e Diego Romero foron 4º na semifinal do C-2 1.000 m., quedándose a un posto da Final “A”; logo na Final “B” remataron na 7º posición.

Diego Romero remou o C-1 sobre os 1.000 m., onde foi 7º na Final “B”.

Tono Campos participou no C-1 sobre os 5.000 m, proclamándose Subcampión do Mundo, entre varios monstruos da canoa mundial.




Campionato do Mundo de Maratón (Gyor-Hungria- 11/13 de setembro)

Tono Campos, Subcampión do Mundo no C-1 home senior.

Tono Campos, formando equipo con José Manuel Sánchez (do clube Ría de Betanzos), acadou Medalla de Bronce no C-2 home senior.





RESULTADOS GALEGOS

Kaiak de mar

- 5ª regata da kaiak de mar, (Vigo- 05 de xullo). Participaron 10 padexeir@s, co 1º posto de Tino Rodríguez no K-1 home senior tradicional e o 3º do k-2 home cadete de Juan Camilo Ortiz e Sergio Outeda.

- Campionato Galego de KDM (Cabanas- 9 de agosto).

Obtivemos dous subcampionatos galegos na categoría cadete; no K-1 home cadete con Daniel Mourellos e no K-2 muller cadete con Antía Navero e Ángela Rodríguez



Liga Galega de Infantís

- Campionato Galego Infantil 3.000 m.; equipo formado por 19 padexeir@s que tiveron unha actuación aceptable, acadando o 3º posto o equipo feminino, e o 6º o equipo masculino. A nivel individual destacaron as Medallas de Prata de Lucía Devesa (K-1 muller infantil "B" e de Iván Meis (C-1 infantil "A" zurdo).



Ligas Galegas

- Campionato Galego de Pista Cadete, (Verducido- 04 de xullo).

Seis deportistas en competición, onde o 6º posto de Juan Camilo Ortiz no C-1 home cadete 1.000 m., foi o máis destacado.

- Campionato Galego de Alevíns e Benxamíns, (Narón-11 de xullo). Esta regata non entra nas ligas, pero ao ser de ámbito autonómico, inclúmola neste apartado.

Equipo formado por vinte padexeir@s, na súa maioría mulleres e que acadaron o 4º posto por clubs. Destacamos a Medalla de Prata de Carme Devesa (K-1 muller alevín "B") e o 4º posto de Aldara Gorrita (K-1 muller benxamín).


-Campionato Galego de Pista Infantil 1.000 m. (Verducido- 18 de xullo). Presentamos a 18 padexeir@s, entre os que destacou a Medalla de Prata de Lucía Devesa en K-1 muller infantil "B", a Medalla de Bronce do K-4 muller infantil "A" con Antía Soutullo, Natalia Romero, Lorena Moldes e Lucía Devesa. Ou o 4º posto do C-2 home infantil "B" de Aaron Castro e Borja Lamas.

- Travesía de Foz, (Foz- 2 de xullo). Regata disputada con moito vento



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



e oleaxe, facendo moi complicada a regata. Tivemos a 8 deportistas en competición, con Antía Naveiro no 4º posto en K-1 muller cadete e Adrián Otero 5º en K-1 home xuvenil.

- XLIV Descenso Internacional do Miño (Tui, 15 de agosto).

Nove foron os padexeir@s que presentamos nesta regata, que realizaron un discreto papel. Elena Naveiro rematou 2ª no K-1 muller veterana e Juan Camilo Ortíz foi 4º no C-1 home cadete.

- I Trofeo Princesa de Asturias (Aldán, 29 de agosto). Primeira regata con esta denominación e por primeira vez, se celebrou en Aldán. Presentamos dúas embarcacións, o C-4 home senior que acadou a 1ª posición con Tono Campos, Diego Romero, Miguel Fernández Castro e Cristian Ribademar.

A outra embarcación foi o K-4 home xuvenil que rematou na 5ª posición, con Edu da Silva, Adrián Otero e os cadetes Daniel Dopazo e Juan Camilo Ortíz.

- I Trofeo Rías Baixas (Vilanova-Illa de Arousa-Cambados-O Grove- 6 de setembro).

Por diversas circunstancias só pude-

mos presentar nesta competición o C-4 home senior, no que finalmente tivo que remar Jose Manuel Sánchez (Ría de Betanzos) por lesión de Diego Romero. O resto dos tripulantes foron: Tono Campos, Miguel Fernández Castro e Cristian Ribademar que se fixeron coa 1ª posición na súa categoría.

- 49º Descenso do Sil (O Barco de Valdeorras, 12 de setembro).

Pedro Areal ocupou a 2ª posición no C-1 home veterano e Adrián Fernández foi 4º no C-1 home senior.

Liga Provincial de Alevíns e Benxamíns

- 3ª Regata en Catoria (1 de agosto), inscribimos un amplo equipo con 34 padexeir@s, que acadou o 5º posto por clubs. A nivel individual, Carme Devesa 1º posot no K-1 muller alevín "B".

- 4ª Regata na Illa de Arousa (22 de agosto) con 26 padexeir@s en competición, Carme Devesa gañou o K-1 muller alevín "B", onde Valeira Oliveira foi 4º mentras que Lucía Piñeiro foi 3ª no K-1 muller benxamín.

- 5ª Regata en Vilanova de Arousa (6 de setembro), acudimos con 15 padexeir@s, onde Carme Devesa impuxose na K-1 muller alevín "B"

e na mesma categoría, Valeria Oliveira foi 5ª.

Outras Regatas Galegas

- Regata Amistosa Infantil en Barcos de Equipo (Verducido, 16 de agosto). Presentamos un equipo formado por 20 padexeir@s, entre os que destacaron o 1º posto de Lucía Devesa e Lorena Moldes no K-2 muller infantil "B" e o 3º posto de Borja Lamas e Aaron Castro no C-2 home infantil "B".

- XXX Descenso do Tambre (Ames, 22 de agosto).

Tino Rodríguez, 2º no C-1 home senior.

- III Trofeo San Roque (Portonovo), regata amistosa na que presentamos 32 padexeiros, entre os que acadaron as seguintes medallas: Carme Devesa, Valeria Oliveira e Yolanda Oliveira, ocuparon as tres primeiras posicións do K-1 muller alevín "B". Lucía Devesa impoñíase no K-1 muller infantil "B"; mentras que na C-1 home infantil "B", Jose Couso era 2º e Aaron Castro 3º. Ademais, Iván Meis facíase co 2º posto do C-1 home infantil "A".

- XXXII Travesía do Pasaxe (Praia de Oza-A Coruña).

Tino Rodríguez, 1º no C-1 home senior.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

RESULTADOS NACIONAIS



XIV Liga Olímpica de Sprint “Hernando Calleja” División de Honor

- Campeonato de España de Pista Senior, Sub 23, Xuvenil. (Verdusco 10/11- de xullo).

Equipo formado por doce padexeir@s que rematou no posto 11º por clubs, sendo 6º no medallero, con seis medallas de ouro e dúas de prata.

Natalia García facíase con catro medallas: Ouro no K-1 muller senior 200 m., Ouro no K-1 muller sub 23 200 m., Ouro nos 1.000 m. do K-1 muller sub 23 e prata nos 500 m. da K-1 muller sub 23.

Diego Romero facíase co Ouro no C-1 home senior 1.000 m.; xunto con Tono Campos gañaban o C-2 home senior 500 m. e Diego Romero e Tono Campos, formando o C-4 home senior con Miguel Fernandez Castro e Adrian Fernandez, gañaban o Ouro nos 1.000 m. e a Prata nos 500 m.



XIV Liga Nacional “Jóvenes Promesas” Aguas Tranquilas

- Campeonato de España “Jóvenes Promesas” Infantís 1.000 m. (Trasona-Asturias- 25/26 de xullo).

Presentamos un equipo formado por 16 padexeir@s, e agardábanse mellores resultados polo traballo realizado por padexeiros e técnicos; ao final os nos@s deportistas estiveron en sete finais, entre as que destacou o 5º posto no K-2 muller infantil “B” de Lucía Devesa e Lorena Moldes e o 1º posto na Final B de Lucía Devesa.

- Campeonato de España de “Jovenes Promesas” Cadetes 1.000 m. (Trasona-Asturias- 25/26 de xullo).

Presentamos un equipo con seis padexeir@s de categoría cadete, tod@s de primeiro ano na categoría, que tiveron un resultados discretos, sendo o mellor o 4º posto na Final B de Juan Camilo Ortíz no C-1 home cadete B.



Outras Regatas Nacionais

- LII Regata Internacional de Sanabria (Sanabria-19 de xullo).

Acudimos con dez padexeir@s, e o C-2 home senior de

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Miguel Fernández Castro e Adrián Lameiro, gañou na súa categoría. Estes dous padexeiros máis Tino Rodríguez e Diego Naveiro, fixéronse coa segunda posición no C-4 home senior.

- 79º Descenso Internacional do Sella (Arriendas-Ribadesella- 9 de agosto).

Participou Miguel Fernández Castro formando como Selección Galega o C-2 con Óscar Graña. Ambos os dous impuxéronse na categoría de home senior.

- IX Regata Internacional de Villaviciosa (Villaviciosa-Asturias-10 de agosto).

Miguel Fernández repiteu embarcación como Selección Galega, impoñéndose de novo no C-2 home senior.

- 50º Aniversario Regata Internacional del Carrión (Vellilla del Carrión-Palencia, 14 de agosto). Participaron dous dos nosos padexeiros, Adrián Fernández impúxose no C-1 home senior, sendo segundo na mesma categoría, Miguel Fernández Castro.

- 51º Descenso Internacional del Pisuerga (Alar de Rey-Palencia, 15 de agosto).

Adrián Lameiro acadou o 1º posto no C-1 home senior, Miguel Fernández Castro foi 3º na mesma categoría.




Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



@S NOS@s DEPORTISTAS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O piragüismo, aínda que moi lentamente, cada día ten máis repercusión nos medios de comunicación. O seguemento na prensa escrita xa ven sendo habitual e nos últimos tempos as radios e canles de televisión comencan a ter en conta o noso deporte. E, agora coas novas tecnoloxías, fan posible ver retransmisións de regatas e campionatos a través de internet e agardamos que isto se faga normal en pouco tempo.

Os nos@s padexeir@s, grazas aos seus resultados, tamén están a ser máis seguidos polos medios de co-

municación. Durante este ano tivemos varias visitas das cámaras de televisión nas instalacións do club e dende a radio foron chamados deportistas para facerlle entrevistas.

Así, a TVG visitounos para facerlle unha entrevista a Diego Romero, logo tamén estiveron presentes nas nosas instalacións co programa "Aquí Galicia" durante a Festa do Marisco, onde entrevistaron a Tono Campos e a Miguel Fernández Castro; e Tono Campos foi entrevistado en Arousa Si Radio.

